

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO
EXCELENTÍSIMO CONCELLO
PLENO DE DATA TRINTA DE
XULLO DE DOUS MIL VINTE**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 30 de xullo de 2020. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García**, e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.^a Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D.^a Eva Martínez Acón, D.^a María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.^a Diana María Sobral Cabanas, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.^a Rosa María Gallego Neira, D.^a Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Martín Fernández Prado, D. Roberto García Fernández, D.^a María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D. Xiao Varela Gómez, D.^a Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.^a Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.^a Avia Veira González e D.^a Mónica Martínez Lema**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de realizar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal**.

Ás dez horas e sete minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar o único asunto incluído na

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DEL
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO
PLENO DE FECHA TREINTA DE
JULIO DE DOS MIL VEINTE**

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 30 de xullo de 2020. Bajo la presidencia de la **Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García**, y con la asistencia de los ediles **D. José Manuel Lage Tuñas, D.^a Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D.^a Eva Martínez Acón, D.^a María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.^a Diana María Sobral Cabanas, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.^a Rosa María Gallego Neira, D.^a Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Martín Fernández Prado, D. Roberto García Fernández, D.^a María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D. Xiao Varela Gómez, D.^a Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.^a Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.^a Avia Veira González e D.^a Mónica Martínez Lema**, se reúne, previa convocatoria regulamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión extraordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal**.*

A las diez horas y siete minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar el único asunto incluído en

orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

Intervencións

Presidencia

Moi bo día a todos e a todas. Saudamos aos membros da Corporación, persoal municipal que nos acompaña, xornalistas e asistentes na tribuna do público, tamén a aqueles que nos seguen a través do sinal das redes municipais. Benvidos a este Pleno extraordinario.

Asunto número un. Señor secretario.

121.- Determinación de nomes de vías e lugares públicos do Parque Ofimático- Xuxán.

Este asunto foi ditaminado pola Comisión de Honras e Distincións celebrada o día 14 de xullo de 2020, cos votos a favor do Grupos Municipais do Partido Socialista, Partido Popular e Marea Atlántica e a abstención dos Grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Mixto, proponéndose a adopción dos acordos seguintes:

Someter á aprobación do Excelentísimo Concello Pleno a proposta formulada de determinación dos nomes das vías e lugares públicos do Parque Ofimático (Xuxán), seguintes:

- Xuxán
- Galán
- Agrelo
- A Canteira
- Longarela
- Campo de Galán
- A Viña

el orden del día.

PARTE RESOLUTIVA

Intervenciones

Presidencia

Muy buenos días a todos y a todas. Saludamos a los miembros de la Corporación, personal municipal que nos acompaña, periodistas y asistentes en la tribuna del público, también a aquellos que nos siguen a través de la señal de las redes municipales. Bienvenidos a este Pleno extraordinario.

Asunto número uno. Señor secretario.

121.- Determinación de nombres de vías y lugares públicos del Parque Ofimático- Xuxán.

Este asunto fue dictaminado por la Comisión de Honores y Distinciones celebrada el día 14 de julio de 2020, con los votos a favor de los Grupos Municipales del Partido Socialista, Partido Popular y Marea Atlántica y la abstención de los Grupos municipales del Bloque Nacionalista Galego y Grupo Mixto, proponiéndose la adopción de los acuerdos siguientes:

Someter a la aprobación del Excelentísimo Ayuntamiento Pleno la propuesta formulada de determinación de los nombres de las vías y lugares públicos del Parque Ofimático (Xuxán), siguientes:

- Xuxán
- Galán
- Agrelo
- A Canteira
- Longarela
- Campo de Galán
- A Viña

Presidencia

Ben, segundo o acordo terá a palabra, en primeiro lugar, o voceiro do Goberno e, a continuación, haberá un único turno de tres minutos para cada grupo. Señor Lage, cando queira.

Señor Lage Tuñas

Grazas señora alcaldesa.

Bos días e benvida a todas e a todos.

Cabe recordar que os artigos 25 e 26 do Regulamento de honras e distincións da cidade da Coruña, do 16 de xaneiro do 2006, que despois foi reformado por acordo do Pleno do 9 de decembro de 2009, fan parte do capítulo VII deste corpo normativo e están adicados a regular o procedemento para determinar o nome das vías e lugares do termo municipal.

Cabe recordar o expediente que se está a tramitar e que ese expediente debe de xustificar sucintamente as razóns que fundamentan a escolla da denominación da vía e o nomeamento e a colocación dos correspondentes rótulos, que han de ser aprobados polo Pleno do Concello previo ditame da Comisión de Honras e Distincións, como se ten feito neste caso, ou directamente por esta actuando como comisión delegada –se fose o caso, que non o foi–.

Xa por entrar en materia, o polígono coñecido como Parque Ofimático da Coruña é un barrio situado entre as freguesías de Elviña e Oza, cuxa urbanización se vai completando no momento actual –despois de varios anos de execución– a medida en que se rematan edificacións e os servizos que

Presidencia

Bien, según el acuerdo tendrá la palabra, en primer lugar, el portavoz del Gobierno y, a continuación, habrá un único turno de tres minutos para cada grupo. Señor Lage, cuando quiera.

Señor Lage Tuñas

Gracias señora alcaldesa.

Buenos días y bienvenida a todas y a todos.

Cabe recordar que los artículos 25 y 26 del Reglamento de Honores y Distinciones de la ciudad de A Coruña, de 16 de enero del 2006, que después fue reformado por acuerdo del Pleno de 9 de diciembre de 2009, forman parte del capítulo VII de este cuerpo normativo y están dedicados a regular el procedimiento para determinar el nombre de las vías y lugares del término municipal.

Cabe recordar el expediente que se está tramitando y que ese expediente debe justificar sucintamente las razones que fundamentan la elección de la denominación de la vía y el nombramiento y la colocación de los correspondientes rótulos, que han de ser aprobados por el Pleno del Ayuntamiento previo dictamen de la Comisión de Honras y Distinciones, como se ha hecho en este caso, o directamente por esta actuando como comisión delegada –si fuera el caso, que no lo fue–.

Ya por entrar en materia, el polígono conocido como Parque Ofimático de A Coruña es un barrio ubicado entre las feligresías de Elviña y Oza, cuya urbanización se va completando en el momento actual –después de varios años de ejecución– a medida que se finalizan edificaciones y los servicios que están

están previstos no planeamento, téndose concedido recentemente licenzas de primeira ocupación de edificios e estando pendente de concesión outras.

Tamén, neste contexto, faise preciso a integración do polígono –ou canto menos das partes do mesmo que xa se encontran en condicións para elo– no nomenclátor das rúas da cidade, pois este acto, apenas relevante dende un punto de vista edificatorio, si ten moita importancia no que atinxe á integración cultural e mesmo emocional desas novas rúas na cidade. Cabe dicir que a identidade dos lugares, como ben saben os membros da Corporación, procede dun sumatorio de circunstancias físicas, orográficas, naturais, climáticas, pero tamén metafísicas; da memoria dos lugares que se transforman nun espazo urbano habitable, desde o punto de vista tamén cultural. Por iso, cando xorden novas rúas –un fenómeno non tan común nun termo municipal de 37,5 quilómetros cadrados– e do mesmo xeito, cando nace unha persoa, alén dos primeiros actos de protección e coidado, precísase outorgarlle un nome, una denominación a unha vía ou lugar que termine de conferirlle identidade entre todas as vías e espazos do termo municipal ao que pertence. Quizá por iso –porque un nome non determina, pero integra unha identidade– a elección dos nomes das vías da cidade é un acto revestido da suficiente entidade como para que mesmo se prevea que a decisión corresponda ao máximo órgano de representación da cidadanía; o Pleno desta Corporación.

O caso do chamado Parque Ofimático pode resultar un bo paradigma de exemplo do que ás veces acontece na operación de determinación oficial dos nomes dos lugares. Así o reflicte o informe entregado pola Real Academia

previstos en el planeamiento, habiéndose concedido recientemente licencias de primera ocupación de edificios y estando pendiente de concesión otras.

También, en este contexto, se hace preciso la integración del polígono –o al menos de las partes del mismo que ya se encuentran en condiciones para ello– en el nomenclátor de las calles de la ciudad, pues este acto, apenas relevante desde un punto de vista edificatorio, sí tiene mucha importancia en lo referido a la integración cultural e incluso emocional de esas nuevas calles en la ciudad. Cabe decir que la identidad de los lugares, como bien saben los miembros de la Corporación, procede de uno sumatorio de circunstancias físicas, orográficas, naturales, climáticas, pero también metafísicas; de la memoria de los lugares que se transforman en un espacio urbano habitable, desde el punto de vista también cultural. Por eso, cuando surgen nuevas calles –un fenómeno no tan común en un término municipal de 37,5 kilómetros cuadrados– y del mismo modo, cuando nace una persona, a parte de los primeros actos de protección y cuidado, se precisa otorgarle un nombre, una denominación a una vía o lugar que termine de conferirle identidad entre todas las vías y espacios del término municipal al que pertenece. Quizá por eso –porque un nombre no determina, pero integra una identidad– la elección de los nombres de las vías de la ciudad es un acto revestido de la suficiente entidad como para que incluso se prevea que la decisión corresponda al máximo órgano de representación de la ciudadanía; el Pleno de esta Corporación.

El caso del llamado Parque Ofimático puede resultar un buen paradigma de ejemplo de lo que a veces ocurre en la operación de determinación oficial de los nombres de los lugares. Así lo refleja el informe entregado por la Real Academia

Galega á Alcaldía a finais do pasado mes de xaneiro do dous mil vinte, que recolle diversos topónimos e microtopónimos da zona. Cando se proxecta a área en mil novecentos noventa –fai moitos anos, concretamente 30– o seu destino era a localización de empresas vinculadas ás novas tecnoloxías. Mais o devir dos acontecementos mudou os usos e un quinquenio máis tarde xa primaba o uso residencial e máis o terciario. Malia todo, 30 anos despois, o Ofimático segue a ser unha fórmula de identificación de éxito para toda a zona, malia que sen sentido e carente de raizame. Grazas ao labor de estudo achegado pola Real Academia Galega, o Concello poderá exercer a súa competencia de determinación das vías e dos espazos públicos da cidade con plena consciencia de estar a recuperar os nomes tradicionais dos lugares. Así, a integración na trama urbana dunha nova zona da cidade farase finxindo a memoria do lugar e da palabra co futuro dunha cidade que medra e se transforma.

Neste caso, estamos a dar cumprido trámite ao que xa pasou pola Comisión de Honras. Cabe recordar que Xuxán é a evolución do documentado como “Suján” no Catastro de Ensenada ou tamén “Juján”, como aparece nun auto relacionado coa fonte existente no lugar datada en 1722. Trátase, segundo documenta a Real Academia Galega, dun topónimo único no país, relacionado de lonxe con outros semellantes –escasos– que virían a facer referencia a un lugar elevado con respecto a outro. Cabe que sometamos á aprobación do Pleno do Concello a proposta de determinación dos nomes das vías e lugares públicos do que coñecemos comunmente como Parque Ofimático. Xuxán. O resto dos nomes propostos constitúen a microtoponimia do lugar, e

Galega a la Alcaldía a finales del pasado mes de enero del dos mil veinte, que recoge diversos topónimos y microtopónimos de la zona. Cuando se proyecta el área en mil novecientos noventa –hace muchos años, concretamente 30– su destino era la localización de empresas vinculadas a las nuevas tecnologías. Pero el devenir de los acontecimientos cambió los usos y un quinquenio más tarde ya primaba el uso residencial y el terciario. A pesar de todo, 30 años después, el Ofimático sigue siendo una fórmula de identificación de éxito para toda la zona, aunque sin sentido y carente de raigambre. Gracias a la labor de estudio realizada por la Real Academia Galega, el Ayuntamiento podrá ejercer su competencia de determinación de las vías y de los espacios públicos de la ciudad con plena consciencia de estar recuperando los nombres tradicionales de los lugares. Así, la integración en la trama urbana de una nueva zona de la ciudad se hará fingiendo la memoria del lugar y de la palabra con el futuro de una ciudad que crece y se transforma.

En este caso, estamos dando cumplido trámite a lo que ya pasó por la Comisión de Honores. Cabe recordar que Xuxán es la evolución de lo documentado como “Suján” en el Catastro de Ensenada o también “Juján”, como aparece en un auto relacionado con la fuente existente en el lugar datada en 1722. Se trata, según documenta la Real Academia Galega, de un topónimo único en el país, relacionado de lejos con otros semejantes –escasos– que vendrían a hacer referencia a un lugar elevado con respecto a otro. Cabe que sometamos a la aprobación del Pleno del Ayuntamiento la propuesta de determinación de los nombres de las vías y lugares públicos de lo que conocemos comúnmente como Parque Ofimático. Xuxán. El resto de los nombres propuestos constituyen la

foron tamén identificados no informe da Real Academia Galega: Xuxán, Galán, Agrelo, A Canteira, Longarela, Campo de Galán e A Viña.

Sen máis, toca que nos pronunciemos e, diría eu, que tivéramos en conta o informe da Real Academia Galega para, como non pode ser doutro xeito, dar pasos que desde logo, coma sempre, deberán de darse tendo en conta tamén os veciños e as veciñas e facendo conxuntamente unha operativa que nos permita dar pasos nese crecemento e nesa transformación da cidade; con respecto ao pasado, á toponimia, con respecto á memoria, pero tamén construíndo presente e futuro.

Nada máis e moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas señor Lage. Ten a palabra a señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Moitas grazas señora alcaldesa. Moi bos días a todos.

Cómpre agradecer este tipo de asuntos no Pleno que, aínda non prioritarios, polas urxencias que ten esta cidade, si coido que son merecentes da nosa atención, pois é o noso deber coidar o noso patrimonio inmaterial, como indica a Lei de patrimonio cultural de Galicia, que como nos recorda o informe da Real Academia Galega, son as administracións públicas as que teñen o deber legal de protexer, difundir e fomentar o valor do noso patrimonio, entre o que se inclúe a toponimia. Sen esquecer que a toponimia forma parte dos elementos culturais que a UNESCO denomina “patrimonio inmaterial dos pobos”, por representar

microtoponimia del lugar, y fueron también identificados en el informe de la Real Academia Galega: Xuxán, Galán, Agrelo, A Canteira, Longarela, Campo de Galán y A Viña.

Sin más, toca que nos pronunciemos y, diría yo, que tuviéramos en cuenta el informe de la Real Academia Galega para, como no puede ser de otro modo, dar pasos que desde luego, como siempre, deberán de darse teniendo en cuenta también a los vecinos y las vecinas y haciendo conjuntamente una operativa que nos permita dar pasos en ese crecimiento y en esa transformación de la ciudad; con respeto al pasado, a la toponimia, con respeto a la memoria, pero también construyendo presente y futuro.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias señor Lage. Tiene la palabra a señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Muchas gracias señora alcaldesa. Muy buenos días a todos.

Es de agradecer este tipo de asuntos en el Pleno que, aun no siendo prioritarios, por las urgencias que tiene esta ciudad, sí creo que son merecentes de nuestra atención, pues es nuestro deber cuidar nuestro patrimonio inmaterial, como indica la Ley de Patrimonio Cultural de Galicia, que como nos recuerda el informe de la Real Academia Gallega, son las administraciones públicas las que tienen el deber legal de proteger, difundir y fomentar el valor de nuestro patrimonio, entre el que se incluye la toponimia. Sin olvidar que la toponimia forma parte de los elementos culturales que la UNESCO denomina “patrimonio

unha riqueza única no mundo, dun valor incalculable, ou sen esquecer que, tal e como declarou Nacións Unidas, os topónimos son parte integral do patrimonio cultural intanxible, xa que constitúen compoñentes esenciais das linguas e conservan formas que evidencia a súa evolución e, sobre todo, porque son valiosas testemuñas da historia e dos modos de vida pasados e actuais. E non se trata de que nos gusten máis ou menos Xuxán, Galán, Agrelo, A Canteira, Longarela, Campo de Galán ou A Viña, o que se trata é de rescatar a memoria do lugar e a tradición. Son nomes que figuran na memoria das xentes que habitaron a zona e a súa contorna e é nosa obriga protexelos.

O cambio de nome debe axudar tamén a esquecer a carga negativa que acompaña ao Ofimático. Bueno, o cambio de nome e que o Concello xestione dunha vez por todas esas licenzas de primeira ocupación pendentes desde hai tanto tempo e que ten en vilo e desesperados a centos de veciños, que aínda non puideron acceder ás súas vivendas.

Aínda que semella que o tema das licenzas xa vai encamiñado, cómpre aceleralo sen esquecer aos veciños que xa están vivindo neste novo barrio da cidade, pero con moitas deficiencias. Non hai máis que dar unha volta por Xuxán para comprobar a falta de coidados e servizos que padece este barrio. É incomprensible que dentro dunha cidade como A Coruña se teña que vivir sen servizos, con só unha vía de acceso, valados inseguros, fincas cheas de maleza, socavóns en soares abertos aos que pode acceder calquera neno, sen un só banco para sentarse, sen unha sombra, cableado solto polo chan e un sinfín de deficiencias que deixa a Xuxán como un barrio case abandonado.

inmaterial de los pueblos”, por representar una riqueza única en el mundo, de un valor incalculable, o sin olvidar que, tal y como declaró Naciones Unidas, los topónimos son parte integral del patrimonio cultural intangible, ya que constituyen componentes esenciales de las lenguas y conservan formas que evidencia su evolución y, sobre todo, porque son valiosos testigos de la historia y de los modos de vida pasados y actuales. Y no se trata de que nos gusten más o menos Xuxán, Galán, Agrelo, A Canteira, Longarela, Campo de Galán o A Viña, lo que se trata es de rescatar la memoria del lugar y la tradición. Son nombres que figuran en la memoria de las gentes que habitaron la zona y su entorno y es nuestro deber protegerlos.

El cambio de nombre debe ayudar también a olvidar la carga negativa que acompaña al Ofimático. Bueno, el cambio de nombre y que el Ayuntamiento gestione de una vez por todas esas licencias de primera ocupación pendientes desde hace tanto tiempo y que tiene en vilo y desesperados a cientos de vecinos, que aún no pudieron acceder a sus viviendas.

Aunque parece que el tema de esas licencias ya va encaminado, hace falta acelerarlo sin olvidar a los vecinos que ya están viviendo en este nuevo barrio de la ciudad, pero con muchas deficiencias. No hay más que dar una vuelta por Xuxán para comprobar la falta de cuidados y servicios que padece este barrio. Es incomprensible que dentro de una ciudad como A Coruña se tenga que vivir sin servicios, con solo una vía de acceso, vallados inseguros, fincas llenas de maleza, socavones en solares abiertos a los que puede acceder cualquier niño, sin uno solo banco para sentarse, sin una sombra, cableado suelto por el suelto y un sinfín de deficiencias que deja a Xuxán como un barrio casi abandonado.

Estou segura de que os veciños valoran positivamente o respecto á toponimia, que nos recordará sempre de onde vimos, pero é xusto darlle un pulo á humanización deste barrio da cidade, que tanto o necesita, para ter presente cara onde queremos ir. Imos votar a favor.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas señora Martínez. Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Moi bo día señora alcaldesa, membros da Corporación, persoal dos medios de comunicación que nos acompañan, ao persoal tamén municipal e ao público asistente, que me consta que está tamén a veciñanza de Elviña, a veciñanza orixinal deste lugar ao que hoxe lle damos o nome de Xuxán, e tamén están aquí as directoras das escolas infantís que me gustaría saudar.

Ben, parécenos ben, efectivamente, que se manteñan ou que se empreguen os topónimos orixinais dos lugares, pois para denominar, efectivamente, determinados espazos, mellor será Xuxán, evidentemente, que Parque Ofimático. Mellor eran os topónimos da Zapateira orixinais, a microtoponimia tan rica que existía na Zapateira, que chamarlle avenida de Nova York ou outros topónimos pouco propios que hai, por exemplo, na zona da Zapateira, non? E que implicaron borrar toda unha memoria dunha zona da cidade. Mellor é, sen dúbida, rescatar a memoria da cidade que abandonala, non? Pero a importancia, efectivamente, do

Estoy segura de que los vecinos valoran positivamente el respeto a la toponimia, que nos recordará siempre de dónde venimos, pero es justo darle un impulso a la humanización de este barrio de la ciudad, que tanto lo necesita, para tener presente cara donde queremos ir. Vamos a votar a favor.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias señora Martínez. Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Muy buenos días señora alcaldesa, miembros de la Corporación, personal de los medios de comunicación que nos acompañan, al personal también municipal y al público asistente, que me consta que están también los vecinos de Elviña, los vecinos originales de este lugar al que hoy le damos el nombre de Xuxán, y también están aquí las directoras de las escuelas infantiles a las que me gustaría saludar.

Bien, nos parece bien, efectivamente, que se mantengan o que se empleen los topónimos originales de los lugares, pues para denominar, efectivamente, determinados espacios, mejor será Xuxán, evidentemente, que Parque Ofimático. Mejor eran los topónimos de la Zapateira originales, la microtoponimia tan rica que existía en la Zapateira, que llamarle avenida de Nueva York u otros topónimos poco propios que hay, por ejemplo, en la zona de la Zapateira ¿no? Y que implicaron borrar toda una memoria de una zona de la ciudad. Mejor es, sin duda, rescatar la memoria de la ciudad que abandonarla ¿no? Pero la importancia, efectivamente,

mantemento da toponimia, que é fundamental, non pode implicar esquecernos do problema urbanístico que existe nesa zona. Que eliminar esa carga negativa da que falaba a señora Martínez non nos implique abandonar a xustísima reivindicación das veciñas orixinais da zona.

Eu quero lembrar, ademais, que o informe da Real Academia Galega fala precisamente do problema urbanístico que se xerou no orixinal Parque Ofimático, que logo se transformou nunha urbanización que devorou os habitantes. Así, como digo, se reconece no informe da Real Academia Galega. Podería ser Xuxán, pero tamén podemos falar de toda esa microtoponimia, de Galán, onde se tirou, por exemplo, a casa de Manolo e doutros, non? Ou outra microtoponimia onde se tirou tamén casas para logo non facer absolutamente nada. Falaba o señor Lage de emocións, de que a toponimia fala da memoria do lugar e que ten unha vinculación importante tamén coas emocións. Ben, os pesadelos tamén son emocións, tamén poñen de manifesto emocións. E é certo que o Parque Ofimático, o desenvolvemento desa urbanización, que xa nunca máis será ofimática, pois resulta que é un pesadelo para os habitantes orixinais de Elviña. É un auténtico pesadelo e teñen pasado diferentes etapas, efectivamente: etapas onde viron que se tiraban as súas casas por parte do Concello para non construír absolutamente nada; viron etapas onde houbo promesas que non se cumpriron e están vivindo agora unha etapa onde o Goberno municipal ten comprometido con dúas forzas políticas, que están aquí presentes na Corporación –e das que depende a maioría–, ten comprometido desafectar a veciñanza de Elviña. E nós, o que queremos é un compromiso claro deste Goberno municipal con que se vai desafectar a veciñanza de Elviña ou unha

del mantenimiento de la toponimia, que es fundamental, no puede implicar que nos olvidemos del problema urbanístico que existe en esa zona. Que eliminar esa carga negativa de la que hablaba la señora Martínez no nos implique abandonar la justísima reivindicación de las vecinas originales de la zona.

Yo quiero recordar, además, que el informe de la Real Academia Galega habla precisamente del problema urbanístico que se generó en el original Parque Ofimático, que luego se transformó en una urbanización que devoró a los habitantes. Así, como digo, se reconoce en el informe de la Real Academia Galega. Podría ser Xuxán, pero también podemos hablar de toda esa microtoponimia, de Galán, donde se tiró, por ejemplo, la casa de Manolo y de otros ¿no? U otra microtoponimia donde se tiraron también casas para luego no hacer absolutamente nada. Hablaba el señor Lage de emociones, de que la toponimia habla de la memoria del lugar y que tiene una vinculación importante también con las emociones. Bien, las pesadillas también son emociones, también ponen de manifiesto emociones. Y es cierto que el Parque Ofimático, el desarrollo de esa urbanización, que ya nunca más será ofimática, pues resulta que es una pesadilla para los habitantes originales de Elviña. Es una auténtica pesadilla y han pasado diferentes etapas, efectivamente: etapas donde vieron que se tiraban sus casas por parte del Ayuntamiento para no construir absolutamente nada; vieron etapas donde hubo promesas que no se cumplieron y están viviendo ahora una etapa donde el Gobierno municipal tiene comprometido con dos fuerzas políticas, que están aquí presentes en la Corporación –y de las que depende la mayoría–, tiene comprometido desafectar el vecindario de Elviña. Y nosotros, lo que queremos es un compromiso claro de este Gobierno

figura xurídica semellante –semellante non: equivalente– que permita que estas persoas poidan vivir tranquilas dunha vez por todas e se resolva o seu problema. Nós queremos, realmente, que se verbalice ese compromiso neste Pleno; que se cumpra. Nós esixímolos durante o pasado mandato de maneira moi reiterada –sábeo ben a Marea Atlántica– e non imos deixar de demandalo neste Pleno.

Presidencia

Moitas grazas señora Veira. Pola Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Membros da Corporación, persoal municipal, xornalistas e veciños e veciñas que nos seguen a través do streaming ou na tribuna. Un saúdo especial para a veciñanza de Elviña e Xuxán e para as directoras das escolas infantís. Moi bo día a todos e a todas.

Cando na Comisión de Honras examinamos por primeira vez o informe da Real Academia Galega e a proposta de recuperar a toponimia tradicional no infausto e mal chamado Parque Ofimático, votamos a favor. Fixémolo en conciencia. Como lembramos cando neste Pleno decidimos dedicarlle unha rúa a Arsenio Iglesias, a maioría dos lugares –se non todos– xa tiñan nome antes de os pisarmos nós. E como argumentamos tamén daquela, a Marea Atlántica é tamén partidaria de priorizar e consolidar a restauración das denominacións históricas, ben a través dunha ordenanza de normalización lingüística, da que aínda carecemos, ben mediante un cambio no Regulamento de honras, como o que propuxemos daquela.

municipal con que se va desafectar el vecindario de Elviña o una figura jurídica semejante –semejante no: equivalente– que permita que estas personas puedan vivir tranquilas de una vez por todas y se resuelva su problema. Nosotros queremos, realmente, que se verbalice ese compromiso en este Pleno; que se cumpla. Nosotros lo exigimos durante el pasado mandato de manera muy reiterada –lo sabe bien la Marea Atlántica– y no vamos a dejar de demandarlo en este Pleno.

Presidencia

Muchas gracias señora Veira. Pola Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Miembros de la Corporación, personal municipal, periodistas y vecinos y vecinas que nos siguen a través de la retransmisión en directo o en la tribuna. Un saludo especial para los vecinos y vecinas de Elviña y Xuxán y para las directoras de las escuelas infantiles. Muy buen día a todos y a todas.

Cuando en la Comisión de Honores examinamos por primera vez el informe de la Real Academia Galega y la propuesta de recuperar la toponimia tradicional en el infausto y mal llamado Parque Ofimático, votamos a favor. Lo hicimos en conciencia. Como recordamos cuando en este Pleno decidimos dedicarle una calle a Arsenio Iglesias, la mayoría de los lugares –si no todos– ya tenían nombre antes de los pisarlos nosotros. Y como argumentamos también entonces, la Marea Atlántica es también partidaria de priorizar y consolidar la restauración de las denominaciones históricas, bien a través de una ordenanza de normalización lingüística, de la que aún carecemos, bien mediante un cambio en el Reglamento de Honores, como el que

Votamos en conciencia, dicía, pero votamos sen toda a información. Non podíamos imaxinar, e de aí a nosa sorpresa nas últimas horas, cando soubemos que o Goberno municipal tomase esta decisión e lle dese trámite sen falar coa veciñanza da zona. É tan doado escoitar, señora Rey, tan barato, tan consubstancial ao Goberno democrático da cidade, é tan elemental e tan de xustiza escoitar, que non facelo supón unha falta de respecto cara a cidadanía e unha actitude –advirto– que pode invalidar calquera iniciativa ou calquera decisión por fundadas que estas estean.

Ás dez horas e vinte e dous minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.

Recuperar os nomes de Campo de Galán, Agrelo, Longarela, A Canteira, A Viña ou o propio topónimo de Xuxán debера ser unha boa nova. Debera, digo, porque nestas condicións non o é. Ou non o é de todo. O mellor que podería facer hoxe, señor Lage, sería retirar este asunto, sentar cos veciños e as veciñas da zona e traelo de novo a este Pleno para a súa aprobación, digamos, pacificamente. Sei que non o van facer, pero cando menos pregámoslle que hoxe asuman explicitamente, diante da Corporación, un compromiso de diálogo; que se comprometan non só a non mover un papel máis neste asunto sen falalo antes con quen nos acompaña na tribuna, senón tamén –na mesma liña que reclamaba o BNG– que asuman o compromiso de sentar cos veciños da zona e retomar, canto antes, o que está pactado dende o inicio do mandato, que é, efectivamente, a desafectación de San Vincenzo de Elviña. Se é así, se hoxe se dá ese compromiso, este grupo votará a favor e se non, e lamentándoo de verdade,

propusimos entonces.

Votamos en conciencia, decía, pero votamos sin toda la información. No podíamos imaginar, y de ahí nuestra sorpresa en las últimas horas, cuando supimos que el Gobierno municipal había tomado esta decisión y le había dado trámite sin hablar con los vecinos de la zona. Es tan fácil escuchar, señora Rey, tan barato, tan consustancial al Gobierno democrático de la ciudad, es tan elemental y tan de justicia escuchar, que no hacerlo supone una falta de respeto hacia ciudadanía y una actitud – advierto– que puede invalidar cualquier iniciativa o cualquier decisión por fundadas que estas estén.

A las diez horas y veintidós minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.

Recuperar los nombres de Campo de Galán, Agrelo, Longarela, A Canteira, A Viña o el propio topónimo de Xuxán debiera ser una buena noticia. Debiera, digo, porque en estas condiciones no lo es. O no lo es del todo. Lo mejor que podría hacer hoy, señor Lage, sería retirar este asunto, sentarse con los vecinos y vecinas de la zona y traerlo de nuevo la este Pleno para su aprobación, digamos, pacíficamente. Sé que no lo van a hacer, pero al menos le rogamus que hoy asuman explícitamente, delante de la Corporación, un compromiso de diálogo; que se comprometan no solo a no mover un papel más en este asunto sin hablarlo antes con quien nos acompaña en la tribuna, sino también –en la misma línea que reclamaba el BNG– que asuman el compromiso de sentarse con los vecinos de la zona y retomar, lo antes posible, lo que está pactado desde el inicio del mandato, que es, efectivamente, la desafectación de San Vicente de Elviña. Si es así, si hoy se da ese compromiso, este grupo votará a favor y si no, y

teremos que absternos.

Remato xa cunha advertencia: o que se debate e se vota hoxe é, exclusivamente a recuperación duns topónimos fermosos, que forman parte da memoria do territorio. Nada menos, pero tamén nada máis. Agardo que ninguén teña a tentación de empregar un material tan sensible como este, as palabras comúns, os topónimos, os nomes dos lugares, para blanquear a historia negra –negrísima– do Ofimático. Xuxán, xa existía cando as forzas políticas representadas neste Pleno puxeron as súas man alí con mellores ou peores intencións, con maior ou menor acerto. Xuxán non lle pertence a ninguén. O Ofimático, polo contrario, é obra deste Concello. O Ofimático é o nome dunha desfeita que ten responsables e que esixe solucións. Non hai cambio de nome que borre esa historia. O Ofimático non vai, lamentablemente, desaparecer por decreto. O Ofimático será Ofimático mentres non se faga xustiza coas vítimas dun modelo urbanístico que as privou de dereitos. Por resumilo: o Ofimático non será Xuxán, diga o que diga este Pleno, mentres eses dereitos non se restituán.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas señor Martínez. Polo Partido Popular, señor Coira.

Señor Coira Andrade

Bo día aos veciños que nos acompañan de Elviña, ás directoras das escolas infantís municipais, ao resto de veciños que nos acompañan desde a tribuna, aos membros da Corporación, aos empregados municipais, aos

lamentándolo de verdad, tendremos que abstenernos.

Termino ya con una advertencia: lo que se debate y se vota hoy es, exclusivamente la recuperación de unos topónimos hermosos, que forman parte de la memoria del territorio. Nada menos, pero también nada más. Espero que nadie tenga la tentación de emplear un material tan sensible como este, las palabras comunes, los topónimos, los nombres de los lugares, para blanquear la historia negra –negrísima– del Ofimático. Xuxán, ya existía cuando las fuerzas políticas representadas en este Pleno pusieron sus manos allí con mejores o peores intenciones, con mayor o menor acierto. Xuxán no le pertenece a nadie. El Ofimático, por el contrario, es obra de este Ayuntamiento. El Ofimático es el nombre de un destrozo que tiene responsables y que exige soluciones. No hay cambio de nombre que borre esa historia. El Ofimático no va, lamentablemente, a desaparecer por decreto. El Ofimático será Ofimático mientras no se haga justicia con las víctimas de un modelo urbanístico que las privó de derechos. Por resumirlo: el Ofimático no será Xuxán, diga el que diga este Pleno, mientras esos derechos no se restituyan.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias señor Martínez. Por el Partido Popular, señor Coira.

Señor Coira Andrade

Buenos días a los vecinos que nos acompañan de Elviña, a las directoras de las escuelas infantiles municipales, al resto de vecinos que nos acompañan desde la tribuna, a los miembros de la Corporación, a los empleados

representantes dos diferentes medios de comunicación, a todas as persoas que fan posible o desenvolvemento deste Pleno e a aqueles que nos sigan, onde queira que estean, mediante a retransmisión en directo.

Non querría empezar este Pleno sen lembrar aos familiares e amigos das 45.000 persoas falecidas polo covid-19. Seguimos, por desgraza, con esta pandemia; seguimos cunha situación que nos desborda e para a que todos –todas as administracións e todos os cidadáns– temos que estar todos os días alerta. As solucións son, neste momento, non moitas: a máscara, lavarse as mans e manter a distancia. É, eu creo que, unha obriga de todos. Convidar a todos os cidadáns a que demos o cento por cento nestas tres medidas para evitar o desenvolvemento desta pandemia.

Ás dez horas e vinte e oito minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.

Entrando no asunto que se trae hoxe ao Pleno, despois da presentación e o envío da Real Academia Galega dun informe sobre a toponimia, a proposta da denominación dunhas rúas para redenominar rúas e viais cunha toponimia e unha microtoponimia que se perdera. O estudo da Real Academia Galega da Lingua defende a través disto o que eles denominan, e o que é, patrimonio cultural intanxible e cremos que é unha magnífica proposta. O Grupo municipal do Partido Popular votou favorablemente e pretende tamén votar favorablemente neste Pleno de aprobación. Creo, insisto, que é bo recuperar os nomes de Xuxán, de Galán, de Agrelo, da Canteira, Longarela, Campo de Galán, A Viña e outros moitos que se podían utilizar para outros viais ou outras prazas que se poidan crear.

municipales, a los representantes de los diferentes medios de comunicación, a todas las personas que hacen posible el desarrollo de este Pleno y a aquellos que nos sigan, donde quiera que estén, por “streaming”.

No querría empezar este Pleno sin recordar a los familiares y amigos de las 45.000 personas fallecidas por el covid-19. Seguimos, por desgracia, con esta pandemia; seguimos con una situación que nos desborda y para la que todos –todas las administraciones y todos los ciudadanos– tenemos que estar todos los días alerta. Las soluciones son, hoy por hoy, no muchas: la mascarilla, lavarse las manos y mantener la distancia. Es, yo creo que, una obligación de todos. Invitar a todos los ciudadanos a que demos el cien por cien en estas tres medidas para evitar el desarrollo de esta pandemia.

A las diez horas y veintiocho minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.

Entrando en el asunto que se trae hoy al Pleno, después de la presentación y el envío de la Real Academia Galega de un informe sobre la toponimia, la propuesta de la denominación de unas calles para redenominar calles y viales con una toponimia y una microtoponimia que se había perdido. El estudio de la Real Academia Galega de la Lengua defiende a través de esto lo que ellos denominan, y lo que es, patrimonio cultural intangible y creemos que es una magnífica propuesta. El Grupo municipal del Partido Popular votó favorablemente y pretende también votar favorablemente en este Pleno de aprobación. Creo, insisto, que es bueno recuperar los nombres de Xuxán, de Galán, de Agrelo, da Canteira, Longarela, Campo de Galán, A Viña e outros moitos que se podían utilizar para outros viales ou outras prazas que se poidan crear.

Pero isto non pode afastarnos dunha realidade que ten o Parque Ofimático. Dunha realidade e unha historia recente que involucra a partidos que hoxe están aquí e aos que son responsables de que se gastase moito tempo, moito diñeiro e moitos recursos e moita desesperación de moitos veciños que, neste momento, como dicían algúns dos meus compañeiros nas súas intervencións, están a esperar a quitar unha licenza de primeira ocupación que lles permita acceder ás súas casas, ter uns viais que lles permitan comunicarse coas súas casas.

*A Marea, cando chegou ao Goberno, prometeu cen vivendas bioclimáticas. Nunca máis volvemos saber disto. Cando, despois da sentenza xudicial, a Xunta tivo que falar con esta administración para chegar a un plan para solucionar o problema, todos os prazos foron reiteradamente incumplidos. Asinouse un protocolo que se incumpriu reiteradamente. A Marea admitiu no seu día que o PP gastara, investira, máis de 20 millóns no Parque Ofimático e eles non foron capaces, en dous anos, de avanzar en nada. O resto do Parque Ofimático está pendente de licitar. Non sabemos cando se vai a licitar. Falta sacar a concurso as obras, falta adxudicalas e falta executalas, que segundo as últimas respostas escritas deste Concello, o tempo estimado de execución son 18 meses. Co cal, empezamos mal. Un contrato asinado polo Bipartito PSOE-BNG para urbanizar o Parque Ofimático no seu día, que foi recorrido xudicialmente, ou sexa; empezamos moi mal. E os veciños foron as vítimas. Os veciños, as administracións, as persoas que teñen vivendas alí e que non poden –porque non teñen licenza de primeira ocupación– habitala. En fin... **(óese un sinal acústico indicativo da finalización***

Pero esto no puede alejarnos de una realidad que tiene el Parque Ofimático. De una realidad y una historia reciente que involucra a partidos que hoy están aquí y a los que son responsables de que se haya gastado mucho tiempo, mucho dinero y muchos recursos y mucha desesperación de muchos vecinos que, hoy por hoy, como decían algunos de mis compañeros en sus intervenciones, están esperando a quitar una licencia de primera ocupación que les permita acceder a sus casas, tener unos viales que les permitan comunicarse con sus casas.

La Marea, cuando llegó al Gobierno, prometió cien viviendas bioclimáticas. Nunca más volvimos a saber de esto. Cuando, después de la sentencia judicial, la Xunta tuvo que hablar con esta administración para llegar a un plan para solucionar el problema, todos los plazos fueron reiteradamente incumplidos. Se firmó un protocolo que se incumplió reiteradamente. La Marea admitió en su día que el PP había gastado, invertido, más de 20 millones en el Parque Ofimático y ellos no fueron capaces, en dos años, de avanzar en nada. El resto del Parque Ofimático está pendiente de licitar. No sabemos cuándo se va a licitar. Falta sacar a concurso las obras, falta adjudicarlas y falta ejecutarlas, que según las últimas respuestas escritas de este Ayuntamiento, el tiempo estimado de ejecución son 18 meses. Con lo cual, empezamos mal. Un contrato firmado por el Bipartito PSOE-BNG para urbanizar el Parque Ofimático en su día, que fue recurrido judicialmente, o sea; empezamos muy mal. Y los vecinos han sido las víctimas. Los vecinos, las administraciones, las personas que tienen viviendas allí y que no pueden –porque no tienen licencia de primera ocupación– habitarla. En fin... **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del**

do tempo de intervención) todos os coruñeses –e termino xa– foron vítimas deste, insisto, algo de despropósito e de chapuza e dun investimento de moito diñeiro e da paciencia de moita xente. Esperemos que esta recuperación da toponimia e esta recuperación de patrimonio intanxible galego, pois valla para que realmente se retome toda a problemática do que, a partir de agora, chamaremos Xuxán e anteriormente chamamos Parque Ofimático. Porque os coruñeses de verdade que están desexosos de que isto se solucione dunha vez.

Presidencia

Moitas grazas señor Coira. Señor Lage, pecha o debate.

Señor Lage Tuñas

Grazas señora alcaldesa.

Grazas a todas e a todos polas súas reflexións, as súas aportacións e polo espírito crítico construtivo que se ve que incide, non en poñer en cuestión o informe da Real Academia Galega, non en poñer en cuestión os pasos razoables que hai que dar para darlle nome a un lugar, a unha serie de vías, senón que, aproveitando que se fala de algo tan emblemático, pois se fai historia, se fai memoria e incluso supoño que actos de contrición, no sentido de que hai diferentes responsabilidades. Pero, como digo moitas veces, temos que ser capaces de mirar cara adiante.

Quero ao mesmo tempo anunciar que, seguindo a liña política que marca a nosa alcaldesa, a señora Rey, hoxe mesmo o concelleiro de Urbanismo asumiu cos veciños e veciñas o compromiso de sentarse con eles, no mes de setembro, para facer unha mesa de traballo co obxectivo de atopar posibles solucións a

tiempo de intervención) todos los coruñeses –y termino ya– han sido víctimas de este, insisto, algo de despropósito y de chapuza y de una inversión de mucho dinero y de la paciencia de mucha gente. Esperemos que esta recuperación de la toponimia y esta recuperación de patrimonio intangible gallego, pues valga para que realmente se retome toda la problemática de lo que, a partir de ahora, llamaremos Xuxán y anteriormente llamamos Parque Ofimático. Porque los coruñeses de verdad que están deseosos de que esto se solucione de una vez.

Presidencia

Muchas gracias señor Coira. Señor Lage, cierra el debate.

Señor Lage Tuñas

Gracias señora alcaldesa.

